



**RESOLUCIÓN do 26 de xuño do 2020, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se resolve unha solicitude para o acceso temporal ao ámbito da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.**

#### Antecedentes.

1. O 12/06/2020 a Confraría de pescadores presentou a solicitude da seguinte embarcación para acceder á Remip coa seguinte modalidade e período:

Embarcación	Matrícula	Tipoloxía	Modalidade de solicitude	Período solicitado 2020
"O MEIXÓN"	3ª-CO-1-1-09	>1,5 GT	Nasa nécora-camarón	01/07/2020 – 31/12/2020 (ambos inclusive)

2. O 12/06/2020, o presidente do Oxesco solicitou informe á Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que foi emitido o día 15/06/2020.

3. O 22/06/2020, o Oxesco, por maioría e a través de medios telemáticos, emitiu proposta favorable respecto a solicitude presentada pola mencionada embarcación.

#### Consideracións legais e técnicas.

1. O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira (DOG núm. 33, do 17 de febreiro de 2009; corrección de erros DOG núm. 49, do 11 de marzo de 2009) establece, no seu artigo 4º, as actividades permitidas e limitacións no uso da reserva. Entre as actividades permitidas:

*"A) A pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona: anzois, nasas, enmalle nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido no Plan de xestión integral a que se refire o artigo 7º."*

2. O artigo 8º, no que se regulan as condicións de acceso ao ámbito da reserva mariña, establece que poderán exercer a pesca marítima profesional neste ámbito as embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1,5 GT. Non obstante, na epígrafe 3 do artigo 8º.1 tamén se determina:

*"[...]"*

*Co fin de adecuar as posibilidades reais de pesca ao estado dos recursos e ás características da frota, a dirección xeral competente en materia de recursos mariños, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, poderá autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT. En todo caso, respectaranse os fins perseguidos no ámbito da reserva e recollidos no artigo 1.2 deste decreto e teranse en conta os informes técnicos emitidos ao respecto."*





3. A Orde do 18/08/2010 (DOG núm. 173, do 8 de setembro de 2010), pola que se regula o uso e xestión da Remip-Ría de Cedeira, define no seu artigo 4 os usos pesqueiros permitidos:

*"1. [...] poderán desenvolver a pesca marítima profesional nas áreas non delimitadas como reservas integrais e como zonas de protección especial, coas seguintes artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona:*

*a) Artes de anzol: liña/cordel e palangriño.*

*b) Nasas: nasa nécora, nasa polbo e nasa camarón.*

*c) [...]*

*Non obstante, nas augas continentais respectarase a normativa relativa ao uso e calamento das artes de anzol e enmalle."*

4. O Plan de xestión integral para o ano 2020, aprobado pola Resolución do 20/12/2019 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica regula o uso das artes de enmalle, anzol e nasas e as principais pesqueiras con elas nas súas epígrafes 2.6.2.1, 2.6.2.2 e 2.6.2.3, respectivamente.

5. O artigo 8 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

De acordo con todo o anterior,

#### RESOLVO:

Autorizar o acceso temporal ao ámbito da Remip-Ría de Cedeira á seguinte embarcación coa modalidade e período que se indica a continuación:

Embarcación	Matrícula	Tipoloxía	Modalidade de solicitude	Período solicitado 2020
"O MEIXÓN"	3ª-CO-1-1-09	>1,5 GT	Nasa nécora-camarón	01/07/2020 – 31/12/2020 (ambos inclusive)

A embarcación deberá cumprir as condicións establecidas na Orde do 18/08/2010 e no Plan de xestión integral aprobado para 2020 para a respectiva modalidade e pesqueira autorizada.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Mercedes Rodríguez Moreda

